

XV Premio de Creación Audiovisual Universidade de Vigo

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais convoca o XIII Premio de creación audiovisual Universidade de Vigo de acordo coas seguintes bases:

1. Poderá participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (PDI, estudantes e PAS).
2. Poderase presentar calquera traballo amateur e orixinal non galardoado en ningún outro concurso. O xurado poderá retirar e declarar nulo calquera dos premios adxudicados, se *a posteriori* recabase información que demostrase que o traballo en cuestión xa fora premiado en calquera outro concurso ou festival, autonómico, nacional ou internacional

O tema será libre e haberá catro modalidades: Curta narrativa, documental, vídeo experimental e animación. O material audiovisual contido na obra debe ser de produción propia ou, no seu defecto, compre citar as fontes das imaxes alleas que se inclúan así como o estado dos dereitos de utilización delas.

3. Os traballos deberán presentarse nun Pendrive perfectamente identificado; ditos traballos estarán almacenados en formato de arquivo (.mov; .avi; .mpg-4; etc...) e usando o códec h264 para a súa compresión.". A duración non excederá de 15 minutos. A duración dos traballos da modalidade documental deberá ser como mínimo de 10 minutos
4. Cada participante ou grupo de traballo poderán presentar un máximo de dúas obras por cada unha das modalidades.
5. Os traballos levarán ben visible un título, a duración e a modalidade na que participan, e irán acompañados dun sobre pechado no que figure no exterior o mesmo título, modalidade e duración. No seu interior debe figurar o nome ou nomes dos autores, a fotocopia dos DNI, teléfonos de contacto e documentos acreditativos da súa pertenza á comunidade universitaria.
6. Establécense os seguintes premios:
 - o 600 euros para o 1º mellor traballo de cada modalidade.
 - o 300 euros para 2º mellor traballo de cada modalidade
7. A estas cantidades aplicaráselle a retención fiscal legalmente establecida.
8. O Xurado será designado pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais e estará composto por membros da comunidade universitaria e profesionais de prestixio na materia do concurso.
9. O fallo publicitarase adecuadamente e a entrega de premios terá lugar no presente ano 2017.
10. A decisión do xurado será inapelable. Os premios poden quedar desertos se o xurado así o determina.
11. A totalidade dos traballos presentados ou ben unha selección deles poderán ser utilizados para facer unha ou varias exhibicións no ámbito da Universidade de Vigo. A propiedade dos traballos premiados pasará a ser da Universidade de Vigo, reservándose o dereito a editar un DVD que conteña estas obras. Non obstante, os autores poderán facer uso delas mencionando o premio obtido.